




As Festas do Verán chegan á súa semana grande



Páx 2-4

PONTEVEDRA:

Máis de 2 millóns de euros
en investimentos

Páx 5-6

PONTEVEDRA:

O Pleno do Concello declara
a TVG partidista e hostil coa
cidade

Páx 6

PONTEVEDRA:

O Concello reclama de
Fomento solucións para os
anegamentos no Nó do Pino

Páx 7

PONTEVEDRA:

- Reformas na Casa
Consistorial
- Banco de libros

Páx 8

POIO:

O Concello recorre a Lei de
Costas

Páx 9

PORTAS:

O Concello impón un PXOM
sen participación

SOUTOMAIOR: Homenaxe a
Juan Barreiro

Páx 10-11

AXENDA FESTIVA

CONTRACAPA:

**17 DE AGOSTO. DÍA DA
GALIZA MÁRTIR**

Máis de 2 millóns de euros en investimento municipal

O Concello de Pontevedra anunciou esta semana varias obras e actuacións que, en conxunto, supoñen un investimento por riba dos 2.000.000 de euros.

O BNG, desde o goberno de Pontevedra, aposta así moi claramente polas políticas de dinamización económica desde o público como único xeito de loitar contra os recortes e a “austeridade” que nos impoñen desde Madrid e Bruxelas.

Malia todas as dificultades e trabas impostas aos concellos para seguir os ditados políticos da grande banca, da Unión Europea e do sistema, o BNG vai manter o seu espírito rebelde e insumiso e máis aínda cando, como no caso de Pontevedra, está demostrado que o noso modelo funciona ben e atende ás necesidades das persoas

Reforma da Gándara

A Xunta de Goberno Local aprobou este luns a adjudicación a Construcións Crespo da obra de pavimentación e renovación de servizos no camiño da Gándara (primeira fase) por 241.370,80 euros.

O investimento servirá para facer unha rehabilitación estrutural de todo o firme nunha superficie de 233 metros lineais. Na actualidade, as deficiencias que existen na rúa son tan importantes que o seu mantemento resulta custoso, polo que os técnicos municipais apostan pola súa rehabilitación.

Tamén está previsto unha nova rede de abastecemento e de saneamento, con se-

parativa de pluviais que irá acompañada de sumidoiros e todos os elementos necesarios desta rede. A obra rematará cunha nova sinalización horizontal e vertical neste tramo da rúa proxectado.

Esta reforma forma parte dunha actuación máis ambiciosa que inclúe a integración do barrio e o paseo da Xunqueira

A rehabilitación estrutural ten por obxecto non só restaurar

e mellorar as características superficiais do pavimento, senón tamén conformar e reforzar a superestructura que soporta o tráfico e a actividade que se desenvolve na rúa da Gándara, que é lugar de paso cara a Xunqueira de Alba no Camiño portugués.

Esta actuación, produto da priorización programada polo Consello Parroquial de Lérez, foi pactada polo concello de pontevedra cos veciños e veciñas da rúa en asemblea como 1ª fase dunha actuación maior que tamén inclúe a integración do barrio e o paseo da Xunqueira e a implementación dunha zona de estar.

Novo avance na Avenida de Vigo

A Xunta de Goberno Local aprobou luns 29 de xullo o inicio do proceso de expropiación forzosa por taxación conxunta do novo desdoblamento da avenida de Vigo. Trátase dunha superficie total de 7.923 metros cadrados que están valorados polo Concello en 1.368.409,32 euros. Co inicio deste expediente, o Concello dá por pechado o proceso de avinza aberto nos últimos meses con todos aqueles particulares que quixeron chegar a un acordo coa administración para a adquisición dos terreos.

Segundo explicou o portavoz do Goberno, Raimundo González unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) haberá un prazo de 30 días para que os particulares afectados presenten as súas alegacións ou reclamacións. Rematado ese período o Concello contestará estas alegacións, coa previsión de que o proceso de pago e a ocupación dos terreos estea rematado a finais de ano.



O Concello xa son propiedade municipal 13 parcelas, e neste novo proceso expropiatorio entran outras 10 con superficie moi variable, dende a finca número 15 con 4.810 metros até a máis pequena, a número 7, de 28,86 metros cadrados.

O desdoblamento da Avda. de Vigo vai supor un importante avance na calidade de vida deste barrio. Asemade, o novo acceso á Estación de Autobuses vai mellorar a seguranza viaria ao retirar da cidade moitos vehículos de transporte público que non necesitan entrar.

Melloras na canceira

A Xunta de Goberno Local aprobou a adxudicación das obras de mellora da canceira municipal á empresa G.P.D. por 198.861 euros. O portavoz do Goberno, Raimundo González lembrou que o Concello, no inicio do mandato, acordou desbotar o proxecto de máis dun millón de euros para construír unha nova canceira, e optou por reformar as instalacións actuais en común acordo coa asociación que na actualidade xestiona esta canceira, o colectivo Palleiros.

Entre as obras que se van a executar están a creación dun acceso peonil dende a estrada ao edificio da canceira independizado, mediante valado, do resto das instalacións. O propósito é conseguir que o persoal traballador ou voluntario, e tamén os visitantes,

poidan acceder ao interior sen necesidade de pasar entre os cans soltos. Construiranse 50 canís individuais cubertos para liberar espazos no edificio principal necesarios para outros usos como almacén, aseos, clínica veterinaria... Formación de espazos exteriores independentes mediante a instalación de valados metálicos.

O proxecto tamén pretende mellorar as condicións de limpeza e hixiene mediante a pavimentación con formigón pulido de parte da superficie exterior do recinto, canalizando as augas sucias até a rede de saneamento. Tamén se instalarán billas distribuídas no interior do recinto. Está previsto a mellora do exterior do edificio co seu pintado.

Reforma de Valentín García Escudeiro

Luís Bará quen esta presentou esta semana as novidades do proxecto de soterramento dos achados arqueolóxicos na praza da Valentín García Escudeiro, explicou que os traballos de cubrición están rematados, e só está pendente do cambio do valado exterior e a creación dunhas sendas exteriores que permeabilicen a mobilidade peonil na zona.

Segundo o noso compañeiro, o resultado dos traballos nos que participaron varias empresas e orzamentado en máis de 80.000 euros “é moi satisfactorio” e agradeceu a colaboración e comprensión da veciñanza durante todo este proceso.

As novidades do proxecto, que poderá estar concluído nos vindeiros dous meses, é a instalación dun parque infantil orzamentado en 59.800 euros. Trátase dun barco de pesca que terá unha relación directa co espazo histórico que ocupa: o antigo peirao recollendo a tradición mariñeira da zona.

Ten unha dimensión de 12x11,60 metros que terá dous tobogáns, dúas estruturas de trepa, escaleiras de barras, xogo de prismáticos, dúas áncoras, timón... Estará ubicado entre o xacemento, a praza do peirao e a zona da parada de autobús.



A segunda das novidades do proxecto é a mellora das conexións peonís na zona: entre a praza do Peirao, a ponte do Burgo, a parada de autobuses e a rúa da Ponte. Está previsto a construción dunha beirarrúa na avenida de Uruguai para mellorar o acceso á parada de bus, e outras sendas dentro da zona verde.

Entre o investimento xa feito, e as novas incorporacións o proxecto ascende a uns 200.000 euros.

O Centro Histórico prepárase para as festas

Nestes días diversas actuacións están a preparar o Centro Histórico para acoller nas mellores condicións as festas grandes do verán. Entre estas obras de mantemento destacan:

AVENIDA DE SANTA MARÍA

Colocación dunha varanda de protección no xardín no que está a estatua de Castelao para evitar o acceso dos vehículos a esta zona verde.

Mellora do axardinamento do banco de madeira corrido da praza por parte do servizo de Parques e Xardíns.

PRAZA DE MÉNDEZ NÚÑEZ

instalaranse bancos de madeira diante do colexio Méndez Núñez.

RÚA SERRA E RÚA PASANTERÍA

Rparación de pavimentos en mal estado

RÚA SARMIENTO

Substituiranse as actuais arquetas por trampillóns, o sistema que se está a estender por todo o Centro histórico.

Ademais destas actuacións específicas farase reparación de arquetas, alcorques e mobiliario urbano en todo o centro histórico, así como revisión e reparación do alumeadado público.

O Pleno do Concello de Pontevedra declara a TVG medio partidista e hostil coa cidade

O Pleno do Concello de Pontevedra do mes de xullo aprobou unha moción do BNG que **declara a TVG medio de comunicación partidista e hostil coa cidade, polo tratamento tendencioso, falto de obxectividade, parcial e manipulador da realidade do Concello de Pontevedra**. Na moción tamén se denuncia a imaxe negativa que a TVG dá da cidade nos seus informativos, nos que predominan noticias de roubos en comercios, vivendas, garaxes... trasladando a idea de Pontevedra como unha cidade perigosa, insegura e violenta, visión que contrasta cos datos estatísticos oficiais que nos sitúan moi por debaixo da media en canto a este tipo de feitos. O PP votou en contra desta moción, apoiando así explícitamente a campaña de manipulación e contraria aos intereses da cidade que está a realizar a televisión pública galega.



No acordo plenario faise constar a ausencia dun seguimento habitual da actualidade do concello, situación que en parte está relacionada co des-

mantelamento da delegación que a TVG tiña en Pontevedra e que foi pechada o 30 de novembro de 2010, sen aviso previo e de xeito inmediato; na delegación traballaban 25 empregados entre técnicos e redactores, dos que 12 deles foron despedidos e os outros 13 foron obrigados a trasladarse a Vigo para traballar na delegación da TVG nesta cidade. Este grave feito, denunciado no seu día pola sociedade pontevedresa e polo Pleno da Corporación, provocou a perda dos postos de traballo, convertiu a Pontevedra na única capital de provincia galega sen delegación da canle autonómica e tivo como consecuencia unha importante merma, en cantidade e calidade, da cobertura informativa da actividade institucional, política, social, económica e cultural xerada no noso concello.

Nunha análise detallada da cobertura informativa da TVG obsérvase a carencia de seguimento normal e regular da actualidade informativa xeral no ámbito territorial do Concello de Pontevedra. No que respecta á cobertura informativa da actividade municipal cabe salientar os seguintes feitos:

- A ausencia de cobertura regular da información xerada desde o Concello e o silenciamento de informacións de interese xeral que mesmo son obxecto de seguimento por canles de ámbito estatal (TVE, Antena 3, Telecinco, La Sexta) e autonómico (V Televisión).
- Nos escasos casos en que se informa sobre acontecementos e actividades municipais, ocúltase de maneira deliberada que se trata de iniciativas promovidas polo concello e evítase sistematicamente as declaracións de responsabeis municipais. A distorsión da realidade chega a ser tan esaxerada que se presenta a representantes de entidades cidadás e empresas privadas como

voceiros e organizadores de actividades promovidas polo concello de Pontevedra.

- Este ocultamento de información contrasta coa cobertura habitual de noticias en clave negativa, que teñen por obxecto trasladar unha imaxe completamente falseada da realidade do concello. Nesta visión negativa, obsérvase o seguimento regular de supostas denuncias veciñais que en realidade son casos de cobertura disfrazada de denuncias do grupo municipal do PP.

Por conseguinte, **o Pleno do Concello considera que a TVG non dá unha información suficiente, plural, imparcial e veraz da realidade do Concello de Pontevedra.** Esta situación é consecuencia da falta de medios axeitados tralo desmantelamento da delegación en Pontevedra e, sobre todo, do sesgo partidista e manipulador que desde a dirección do ente público se lle dá aos servizos informativos.

Esta percepción é compartida por unha parte crecente da sociedade galega (reflectida na baixa continuo dos índices de audiencia) e polos propios traballadores da CRTVG, que están a desenvolver unha campaña contra a manipulación informativa nos medios públicos. O pasado mes de xuño, máis do 60% dos xornalistas adscritos aos servizos informativos da TVG denunciaron coa súa sinatura as prácticas de manipulación. Os traballadores da TVG son polo tanto vítimas tamén da utilización partidista e da falta de obxectividade da dirección do ente público e dos responsábeis dos servizos informativos.

En consecuencia, **o Pleno da Corporación solicita que a CRTVG cumpra o seu fin de servizo público e ofrezca unha cobertura da realidade do noso ámbito territorial continuada, obxectiva, veraz e dotada cos medios humanos e materiais acáidos.**

O Concello insta a Fomento a solucionar o problema dos asolagamentos no Nó do Pino

O Concello de Pontevedra ven de trasladarlle ao Ministerio de Fomento a súa preocupación polos asolagamentos causados após as intensas chuvias rexistradas a pasada fin de semana.

Estes anegamentos na rotonda do recién inaugurado nó do Pino, puideron deberse a que os desaugadoiros estean taponados por restos de terra, aínda que esta é unha información que non está contrastada.

“Como é unha estrada de Fomento, é responsabilidade de Fomento”, sinalou Raimundo González Carballo, polo que xa trasladaron a existencia do problema ao Ministerio para que o solucione “porque antes das obras ás pluviais funcionaban correctamente”.

Xunto á súa preocupación o concello trasladou un amplo informe elaborado pola empresa Aquagest no que detalla toda unha serie de deficiencias entre as que destaca os



problemas creados nos colectores da zona de Lusquiños-Tomeza, o mal funcionamento do by-pass do colector de Salcedo ao de Marcón, o taponamento de catro pozos de rexistro da rede de rede de sumidoiros, entre outras.

En todo caso o voceiro municipal reiterou que esta obra está solucionando o grave problema de tráfico que tiña a cidade.



A Casa Consistorial recupera a súa imaxe orixinal

Está a piques de rematar a primeira fase da reforma integral da Casa Consistorial, un ambicioso proxecto que supera os 2,5 millóns de euros e que se está a acometer por fases.

Na primeira fase estanse a abordar obras de carácter estrutural, como a impermeabilización do edificio (xa realizada) ou a próxima colocación dunha nova cuberta de zinc que devolverá ao edificio a súa imaxe primixenia.

Realizáronse tamén traballos de desinfectación (a estrutura de madeira do teito estaba atacada por carcinoma e termita) que obrigou a tirar os falsos teitos do primeiro andar, e recuperáronse dúas fiestras que se atopaban tapiadas.

Outro dos traballos é a mellora exterior do edificio retirando os panos brancos actuais para recuperar o morteiro de cal tradicional que serán pintados de branco. Estas obras están moi avanzadas, e nos próximos días está previsto a retirada do andamio da fachada principal e da que dá aos antigos aseos públicos. E en días posteriores retiraranse o resto de andamios.

Ao tempo que se fan estes traballos na fachada, tamén se están a retirar todos os elementos que afean o edificio como cabos, canaletas,...

A última parte desta primeira fase será o cambio de toda a carpintería exterior, así como a restauración das dúas portas principais da Casa Consistorial.

O Banco de libros entregou 3224 libros a 846 familias

O Banco de libros de texto que xestiona a Concellaría de Benestar Social Municipal comeza a facer balance de solicitudes e entrega de libros para o vindeiro curso, aínda que está á espera de recibir máis manuais no mes de setembro, logo dos exames. O banco de libros entregou até o de agora 3.224 manuais (1.698 de Secundaria e 1.526 de Primaria), cun valor do mercado aproximado duns 100.000 euros a 846 familias do municipio.

Non se puideron satisfacer as peticións de 49 familias, pero o Banco está á espera da entrega de libros do mes de setembro (logo dos exames) para poder facer algún lote. No caso de non percibir ningún libro que lles poida ser útil, a Concellaría faralles un vale para material escolar.

A páxina web redeaxuda.com xa ten colgados dende hoxe os 1.000 libros vixentes que sobraron, que poderán ser solicitados polas familias que os necesiten. As persoas interesadas deberán remitir un correo a apgonzalez@pontevedra.eu cos libros que solicita. As solicitudes atenderanse por rigorosa orde de chegada. A Concellaría de Benestar Social Municipal confía nunha boa segunda entrega de libros no mes de setembro, especialmente de Secundaria, porque foi o ciclo que quedou máis desatendido nas peticións das familias, posiblemente polos exames de setembro.

A Concellaría de Benestar está a preparar vales para todas as familias que entregaron libros ao Banco pero que non poden percibir ningún ou que entregaron moitos libros e recibiron lotes pequenos. En setembro, a Concellaría porase en contacto con elas para darlles a cambio vales de compra de material en distintas librerías da cidade.

Carmen Fouces, concelleira de Benestar Social Municipal, quere agradecer a colaboración desinteresada e solidaria de moitas familias que entregaron libros sen solicitar nada a cambio, ou que as percibiron moito menos do que entregaron.

O Concello recorre a Lei de Costas



O pasado mes de xullo, o Concello de Poio, despois de estudar e analizar a recente modificación de Lei de Costas, adoptou dous acordos con relación á mesma.

O primeiro deles, tendo en conta o establecido na disposición transitoria primeira, que permite rebaixar a liña de protección dos 100 a 20 metros naqueles ámbitos nos que se cumpran os requisitos de consolidación e existencia de servizos no ano 1988, calificándose ditos ámbitos como urbanos, pero sen que os terreos poidan ter aproveitamento urbanístico, simplemente, permitindo a conservación do existente, aprobouse a presentación dun recurso de inconstitucionalidade contra esta modificación posto que a ordenación do solo urbano está delegada na Xunta de Galiza e é ao Concello e a propia Xunta quen deben decidir como ordenalo.

En calquera caso, esta modificación da Lei non mellora en nada a actual, empeorándoa xa que vai calificar como urbano un solo que pagará IBI pero que non vai ter aproveitamento. Por outra banda, calquera inmovible existente nesta franxa dos 20 aos 100 metros de protección, até agora podía facer obras de mantemento e conservación sen problemas. Onde están os beneficios?

O outro acordo que se tomou foi o de solicitar rebaixar a liña de protección de costas dos 100 metros a 20 no ámbito do solo urbano de Raxó que é o único que nestes momentos cumpre os requisitos esixidos pola reforma da Lei para poder acollerse a esta rebaixa.

Hai que ter en conta que recentemente foi aprobado o deslinde de Costas en Poio e que polas alegacións feitas polo Concello as mesmas, rebaixouse a liña de protección a 20 metros nos lugares de Lourido, Campelo e Covelo.

Nos lugares de Casalvito, Chancelas e Raxó, as nosas alegacións non foron atendidas, polo que se interpuxo un contencioso contra dita aprobación que esperamos que se resolva favorablemente.

Por último resaltar que esta modificación que foi publicitada polo PP como a solución para os núcleos costeiros, non resolve o problema xerado naquelas zonas con un alto índice de consolidación pero que están dentro da zona de protección de Costas. Sin embargo si soluciona o problema para as grandes industrias instaladas en concesións con prazos de vencemento próximos que van poder renovalos. Todos temos en mente a Celusosas.

O grupo de goberno do concello de Portas impón un PXOM sen participación veciñal

O venres 2 de agosto ás 14:30 h. celebrárase un pleno extraordinario na casa do concello de Portas para proceder á aprobación inicial do PXOM.

Os traballos de redacción do PXOM iniciáronse en marzo de 2009 coa sinatura do contrato entre o concello e a empresa OAU (Oficina de Arquitectura y Urbanismo). Dende entón nin empresa nin concello mantiveron o máis mínimo contacto coa oposición con motivo do PXOM até o pasado mércores 24 de xullo en que se nos convocou, con menos de 24 horas de antelación, para presentarnos un documento rematado e pechado.

Foron múltiples as ocasións en que o goberno municipal e o equipo redactor prometeron diálogo e participación veciñal, e foron múltiples as ocasións nas que o BNG solicitou reunións entre o equipo redactor e a corporación municipal, sen embargo, tanto equipo de goberno como equipo redactor se negaron.

Esta forma de actuar mostra por unha banda a actitude antidemocrática do grupo de goberno pero por outra unha falta de profesionalidade por parte do equipo redactor.

Roberto Vázquez e o seu grupo de concelleiros, dimisionarios do PP, nun acto de perversión e burla do sistema democrático, confundindo maioría absoluta con ditadura, tratan de impoñer un documento redactado no máis absoluto secretismo, obscurantismo e depotismo que marcará o desenvolvemento do concello nos próximos 30 ou 40 anos.

As caixas cos documentos do PXOM foron depositadas no concello o pasado mércores 24 de xullo, sen ningún tipo de previo coñecemento da oposición, e seis días laborables despois pretenden aprobalo inicialmente. O grupo de goberno pretende que a oposición estude e valore un documento enormemente extenso e complexo que tardaron 52 meses en redactarse en tan só seis días laborables, podendo só consultalo no concello e en horario de mañá, e en datas vacacionais.

O Bloque Nacionalista Galego rexeita categoricamente nas formas e no fondo a proposta de PXOM e oporase con todos os seus medios dispoñibles ao que considera unha burla, un insulto e un atropelo aos veciños e veciñas de Portas.

Homenaxe o sábado 10 ás 20:30 h. na Casa do Pobo do Val Sobral

Juan Barreiro: amor por un pobo

O vindeiro sábado, 10 de agosto, a partires das 20:30 horas, o BNG de Soutomaior rendelalle homenaxe ao noso compañeiro Juan Barreiro na Casa do Pobo do Val-Sobral, con motivo do aniversario do seu pasamento.



Juan Barreiro foi unha persoa que deixou pegada nos seus veciños e na súa terra. No acto de lembranza faremos un percorrido polo seu legado a través dunha exposición que tentará reflectir o seu amor por este País, e na que se poderán ver cadros, documentos históricos, material etnográfico,...

Ás 21 horas comezarán as intervencións de homenaxe, na que falarán Maruja Corbacho -veciña-, Xosé Vidal -párroco de Soutomaior-, Antonio "Sambade" -compañeiro- Anxos Riveiro -responsábel comarcal do BNG- e Fernando Herrero -portavoz municipal do BNG-.

Juan foi un activo militante do BNG, porque cría no noso país, no seu potencial e na súa soberanía. E dende a política tamén traballou con firmeza por acadar os seus ideais, por deixar unha Galiza mellor para todas e todos nós.

A homenaxe contará con diversas intervencións musicais, e rematará coa interpretación do himno galego.

Arrancan as Festas da Peregrina

SÁBADO 10

12:00 > **Lectura do Pregón**, a cargo da actriz Andrea Bayer, na praza da Pedreira

13:15 > **Actuacións nas prazas do centro histórico**, a cargo de Algueirada, Os Alegres de Mourente, Os Trazantes de Tenorio, Recordos da Nosa Terra, Os de Algures e Celme

22:30 > **Concerto de QUE DESILUSIÓN! + MAGO DE OZ**, Praza do Concello

24:00 > **Fogos de artificio**, desde As Corvaceiras

DOMINGO 11

22.30 > **Concerto de LA GUARDIA + LA FRONTERA**, na Praza do Concello

LUNS 12

19:30 > **Teatro Infantil: "Preséntame un pallaso"** de BARAFUNDA ANIMACIÓN, Teucro

21:00 > **Concerto "man a man"** das BANDAS DE MÚSICA DE PONTEVEDRA E SALCEDO, Ferraría

22:30 > **FESTA 40 PRINCIPAIS "Word Dance Music-Hot Mix"**, Praza da Concello

MARTES 13

19:00 > **Batalla de Flores**, Loureiro Crespo, Cobián Areal, Uxío Novoneira e Eduardo Pondal

21:00 > **BRINCABOLECHAS**, Praza do Concello


22.30 > **Concerto "Noite de Boleros"** da BANDA DE MÚSICA DE PONTEVEDRA, Ferraría

MÉRCORES 14

19:30 > **Máxia con Pedro Volta: "Abraiante"**, Teucro

21:00 > **Festival de Corais**, Ferraría

22.30 > **Concerto SON DE SEU + FIADEIRO** Praza do Concello



XOVES 15

19:30 > **Teatro Infantil: "Contos para escarriñarse"** de GHAZAFELHOS, Teucro

21:00 > **FESTIVAL DE CORAIS**, Ferraría

22:30 > **Concerto de BERROGÜETO**, Praza da Concello

24:00 > **Fogos de artificio**, Praza das Corvaceiras

VENRES 16

19:00 > **Concerto da BANDA DE MÚSICA DE PONTEVEDRA**, Praza Irmáns Pazó

19:30 > **TEATRO INFANTIL, "Xan das Ondas"** de BARAFUNDA ANIMACIÓN, Teucro

21:00 > **Concerto VOCAL TEMPO** Ferraría

22.30 > **Concerto MALÚ** Praza do Concello

SÁBADO 17

19.30 > Teatro Infantil “A nena e o grilo nun barquiño, de MAGÍN BLANCO, Teucro

21:00 > Concerto de QUEMPALLOU + TRÉBEDE, Ferraría

22:00 > Cantos de Taberna, con MARAVALLADA + ORFEÓN DO BERBÉS, Valentín García Escudero, A Leña, Rúa Real e Princesa

22.30 > Concerto de AURYN Praza do Concello

DOMINGO 18

19.30 > Teatro Infantil “Hansel e Gretel” de QUINTETO PENTAFONÍA+SEIS DEDOS, Teucro

21:00 > Exhibición de bailes de salón, Ferraría

21.15 > Cantos de Taberna, con OS SIN SON + OS SAJARITEIROS, Valentín García Escudero, Isabel II, Peregrina, Verdura e Leña

22.30 > Concerto de PALOMA SAN BASILIO, Praza do Concello

24:00 > Fogos de artificio, Peirao das Corbaceiras

Ademais deste resume haberá animación de rúa e verbenas todos os días, ademais de espectáculos deportivos. Podes consultar a programación completa podes facelo en <http://www.pontevedra.eu/festas>



Itineranta

Unha selección das mellores compañías, mostrarán nas rúas da cidade as máis novedosas propostas das artes escénicas (zancos, malabares, teatro, cabaret, batukada, performance, música en directo, lume, pirotecnia...) para a celebración do maior Festival de Espectáculos Itinerantes de Rúa.

Martes 6 de agosto

Kull D´Sac (España) > Muñecos
 Fadunito (Cataluña) > La Gran Familia
 Brincadeira (Cataluña) > La Danza de la Calle

Kull D´Sac (España) > Le Mascherate
 Palo Q´Sea (Colombia) > Rompe Candela
 Deabru Beltzak (Euskadi) > Les Tambours de Feu

Mércores 7 de agosto

Fadunito (Cataluña) > Le Petit Cirque
 Maduixa Teatre (Suecia/Valencia) > Meganimals

Xoves 8 de agosto

Factoría Circular (Cataluña) > Rodafonio
 Maduixa Teatre (Suecia/Valencia) > Tam Percusión
 Troula Animación (Galiza) > PachaMama

17 DE AGOSTO DÍA DA GALIZA MÁRTIR.

Homenaxe a Alexandre Bóveda

ACTO POLÍTICO

Sábado 17 de agosto, ás 20 horas
Praza de Curros Enríquez

coa participación de:

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES

(Alcalde de Pontevedra),

VALENTÍN GARCÍA BÓVEDA

(neto de Bóveda e Secretario da Fundación A. Bóveda),

MARTA DACOSTA

(escritora)

XAVIER VENCE

(Portavoz Nacional do BNG)

Por unha **Patria soberana !**